

**INICIATIVA PIONEIRA**

## Chega o "software" libre en galego

**11.05.2006** A Xunta anuncia a creación dun portal, o [mancomun.org](http://mancomun.org), que ofrecerá ferramentas informáticas de xeito gratuito en lingua galega · O vindeiro Día das Letras permitirá descargar de balde o programa Open Office, así como un corrector ortográfico na nosa lingua

**AGENCIAS · SANTIAGO**

Galicia conta por primeira vez cun portal de *software* libre promovido pola Xunta que ofrecerá ferramentas informáticas de balde para os cidadáns e en lingua galega. Deste xeito, preténdese achega-lo uso destas aplicacións tecnolóxicas dun xeito gratuito non só entre os usuarios particulares, senón entre as empresas, colexios e concellos.

O portal [mancomun.org](http://mancomun.org) foi presentado onte polo conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, e a directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información, Elena Veiguela, quen informou de que as primeiras descargas gratuítas se poderán facer o 17 de maio, coincidindo ex profeso co Día das Letras Galegas, xa que ofrecerá de balde un corrector ortográfico en galego e a versión 2.0. de Open Office.

"Liberaranse o 17 de maio por ser un día simbólico", defendeu Elena Veiguela, quen coincidiu co conselleiro en que este portal de software libre en galego supón un "poderoso instrumento" a favor desta lingua, xa que un estudo, elaborado con Cesga, observou que o uso do galego neste tipo de aplicación é "minoritario", onde o castelán domina nun "90% dos casos".

Non obstante, Blanco indicou que a importancia deste portal no só se limita a potenciación do uso do galego en aplicacións informáticas que suporá, senón que se converterá nun "punto de encontro" de empresas, administracións (concellos) e comunidades de usuarios (como os colexios) que queiran baixar de balde programas e aplicacións informáticas ou teñan proxectos, ben sexa de desenvolvemento ou de formación.

"Mancomun.org nace do compromiso da Consellería de Innovación de dinamizar de xeito efectivo as tecnoloxías libres en Galicia", aseverou.

**MULTIMEDIA****En marcha o concurso Arcade**

A Secretaría Xeral de Comunicación, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, acaba de poñer en marcha o concurso Arcade Multimedia. Trátase dun concurso baseado en catro xogos interactivos, que xorde coa intención de dar a coñecer, de forma lúdica, diferentes medios de comunicación multimedia e audiovisuais, a través de Internet.

O concurso estará aberto ata o próximo luns, 15 de maio, e os premios entregaranse o martes 16 de maio, día en que a Dirección Xeral de Comunicación celebrará en Santiago o Día de Internet. Os interesados en participar no concurso poden inscribirse a través da web [www.curtasnarede.es](http://www.curtasnarede.es), no apartado zona interactiva.

A través deste concurso preténdese cumprir tres obxectivos: celebrar o Día Mundial de Internet a través de xogos online, achegar Internet aos cidadáns dun xeito lúdico e promover o sector audiovisual e multimedia galego .

**OS DATOS**

**Vantaxes**Blanco salientou as "vantaxes" sociais e económicas do *software* libre. Puxo como exemplo o caso das pequenas empresas as que se lle facilita o acceso á tecnoloxía para competir con multinacionais.

**Sección "Forxa"**Para que usuarios particulares, administracións ou empresas poidan acceder de forma gratuita a programas informáticos, o portal conta coa sección *Forxa*.

**Observatorio**O portal incorpora un observatorio específico, que examinará a evolución técnica e económica do software libre .